

Ninguén atrás

«Había varios alumnos que asistían a clase esporadicamente —explica unha mestra—. Durante as miñas horas libres adoitaba ir polo mercado que está á beira da escola, esperando atopalos nese lugar, porque me decataba de que traballaban alí para sacarse uns cartos. Un día por fin vinos e eles quedaron asombrados de que fose persoalmente a buscalos e impactoulles ver o importantes que eran para toda a comunidade educativa. Dende entón empezaron a vir regularmente a clase e foi realmente unha festa para todos».

Este feito expresa o valor irrenunciable de cada ser humano. Fálanos de acollida incondicional, dunha esperanza que non se rende e dunha alegría compartida cando se recupera a dignidade ao reintegrarse na comunidade como alguén único e insubstituíble.

Hai momentos na vida en que non todos podemos seguir o mesmo ritmo. A nosa propia fragilidade, ou a dos demais, impídenos camiñar sempre á beira de quen nos acompaña. As causas poden ser moitas: cansazo, confusión, sufrimento... Pero precisamente ahí actívase unha forma de amor profundamente humana e radicalmente comunitaria: é o amor atento que sabe deterse a mirar a quen xa non pode seguir o paso, que se fai próximo e non abandoa. É un amor que, como unha nai ou un pai cos seus fillos, recolle, protexe e acompaña. É un amor paciente que mira ao outro con comprensión, respecto e confianza. Trátase de levar os pesos os uns dos outros, non como un deber, senón como unha opción de amor lúcida e libre que se compromete a camiñar máis lentamente, se é necesario, para manter viva e unida a comunidade familiar e/o social.

Este tipo de amor —o que se preocupa, o que busca, o que inclúe— non distingue entre bos e malos, entre “dignos” e “indignos”. Lémbraos que todos, nalgún momento, podemos estar perdidos, e que a alegría colectiva do reencontro é máis forte que calquera xuízo ou separación.

Esta idea é unha invitación para ver ao outro non polo que fixo, senón polo feito de que é único e digno de ser amado. Convidáanos a vivir a ética do “coidar”, sen deixar atrás nin abandonar a ninguén, restablecendo así vínculos rotos e celebrando xuntos o contribuír a facer o mundo un pouco máis humano.

Martin Buber, filósofo xudeo, ao reflexionar sobre a relación profunda entre as persoas como lugar de verdade, afirma que a autenticidade non se atopa no que facemos en soidade, senón no encontro co outro, sobre todo cando se dá con respecto e gratuidade.

LA IDEA DEL MES, está elaborada por el “Centro para el diálogo con personas de convicciones no religiosas” del Movimiento de los Focolares. Se trata de una iniciativa nacida en 2014 en Uruguay para compartir con amigos no creyentes los valores de la Palabra de Vida, que es la frase de la Escritura que las personas del Movimiento se esfuerzan por poner en práctica en su vida cotidiana. Actualmente LA IDEA DEL MES se traduce a 12 idiomas y se distribuye en más de 25 países, con adaptaciones del texto según las diferentes sensibilidades culturales.

dialogue4unity.focolare.org